“Un camiño que hai que seguir nas matemáticas. Do exercicio á actividade e da actividade ao proxecto”.

PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN NA AULA:

TITULO: “Onde eu vivo hai…”

Obxectivos xerais abordados do curriculo: *g,b,e.*

Contidos*: B4.6 Corpos xeométricos: Recoñecemento de prismas e pirámides. Elementos básicos básicos de poliedros: caras, vértices e arestas.*

B4.10 Representación elemental de espazos coñecidos: planos e maquetas.

B4.11 Descrición de posicións e movementos nun contexto topográfico.

Estándares de aprendizaxe: *MTB4.3.1 Identifica corpos redondos e poliedros.*

MTB4.5.1 Obtén información puntual e describe unha representación espacial tomando como referencia obxectos familiares.

MTB4.5.2 Interpreta e describe situacións, mensaxes e feitos da vida diaria utilizando o vocabulario xeométrico axeitado: indica una dirección, explica un percorrido, orientase no espazo.

Métodos pedagóxicos:

TAREFA: FACER MAQUETAS CON CORPOS XEOMÉTRICOS

Aproveitamos o coñecemento que teñen do seu entorno para situar un cruce coñecido por todos e próximo ao colexio.

1º Visualizarán un plano coas rúas do pobo e localizarán o colexio e cada un a súa casa.

2º Decoraremos un cubo e unha pirámide para poder identificar a súa casa cun tellado.

3º Situaremos a casa a un lado do cruce central do plano.

4º Decoraremos o colexio e procederemos a súa construción e colocación no plano…

METODOLOXÍA: Manipulativa, partir das aprendizaxes previas e interaccionar co medio. Traballaremos en gran grupo e en pequeño grupo para prestar unha atención máis individualizada fomentando a interación cos “grupos cooperativos”

T.I.C. : Imprimir a maqueta (do ordenador á impresora). Visualización previa e localización do colexio e da súa casa no “google maps”.

Temporalización: *Unha sesión*

Competencias Clave: *CMCT, CAA, CCL*

Avaliación: *B4.3. coñecer poliedros e os seus elementos básicos.*

B4.5 Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.

Recursos: *Material fotocopiable e imprimible (ver ANEXO) para decorar ao gusto recortar e pegar. Mapa das rúas do pobo (previamente solicitóuselles que fosen ao Centro de Información Turística C.I.T. a pedir un mapa) , cores, tesoiras e cola.*

Coordinación: *C.S:profesións. Linguas, PDI.(Os deportes no Grove).*

Valoración:

- Aspectos que resultaron: *Realizar a maqueta da súa “casa” e decorala ao gusto foi moi motivador e deu en falar dos tipos de contrucións xa que algúns nenos vivían en pisos nun edificio.*

- Propostas de mellora cara ao futuro*: Realizar este tipo de actividades tamén en Ciencias Sociais, Educación artística,…, dado que unha sesión so nos serviu para facer a maqueta dunha casa.*

ANEXO

Maquetas que se presentarán de maior tamaño coas lapelas para poder poñerlle a cola e pegalas



Cubo: casa



Pirámide: tellado

Establecemento





Tellado do establecemento